1. Le o texto e responde as cuestión que lle seguen:

O dous significados raíces de «económico»,o substantivo e o formal, non teñen nada en común. O último procede da lóxica, o primero da realidade. O significado formal implica un conxunto de regras relativas á elección entre os usos alternativos dos medios insuficientes. O significado substantivo non implica elección nin insuficiencia dos medios; a subsistencia humana pode implicar ou non implicar a necesidade de elección, e se hai elección, non necesariamente tene que deberse ó efecto limitador da «escaseza» dos medios; de feito, algunhas das máis importantes condicións sociais e físicas para a subsistencia, como a disponibilidade de aire ou de auga ou a dedicación dunha nai amorosa que coida ó neno, non están por regra xeral tan limitadas. A coherencia que entra en xogo nun ou outro caso difire do mesmo xeito que difiere a forza dun siloxismo da forza da gravidade. Nun caso trátase das leis do entendemento; noutro, das lei da natureza. Os dous significados non poden ser máis distintos; semánticamente sitúanse en sentidos opuestos da intencionalidade.

A nosa proposta é que solamente o significado substantivo de «económico» pode producir os conceptos que necesitan as ciencias sociais para a investigación de todos os sistemas económicos empíricos do pasado e do presente.

*Karl Polanyi. "*O sistema económico como proceso institucionalizado"

Cuestións:

a) Cal é a diferenza básica da definión substantiva de economía con respecto á definición formal?

b) Cal das dúas é por que motivo é a defendida polo autor?

c) Comparten todos os antropólogos e antropologas a idea de que se trata de definicións totalmente opostas?

2. Le o texto e responde as cuestións que se plantexan a seguir:

A pesar do feito de que a economía occidental está estrictamente baseada nos mecanismos de mercado –se o mercado desaparecera, a sociedade se colapsaría- hai algunhas area da nosa vida que están suxeitas ós outros tres principios.

Un amplo e importante serctor da economía española está controlado pola distribución. Os impostos e as multas son os exemplos máis destacados. Os impostos son unha forma de distribución na que o noso diñeiro vai cara o centro (concello,autonomía, estado) e desde este centro logo se deriva a certos beneficios.

As obras benéficas ás que facemos algunha achega tamén redistribúen a riqueza en beneficio de aqueles a quen vai o diñeiro.

Existe tamén un pequeño recuncho da economía española dominado polo principio de reciprocidade en forma de intercambio de regalos. O feito de que se compren no mercado a maioria dos regalos que se inercambian non significa que non exista un aspecto non mercantil no reparto implicado no don. De feito, criticamos, e mesmo nos indignamos, a persoa que aberamente calcula o valor de mercado nos regalos recíprocos, aínda que propablemente todos o facemos sisimuladamente.

Paul Bohannan, *Para raros , nosotros*. Akal, madrid, 1996, p. 127

Cuestións:

a) Sinala os tres tipos de distibución que Bohanan menciona no texto.

b) Cal dos tres afirma que predomina na economía occidental?

c) Recolle os exemplos que ofrece para os outros dous tipos de distribución ós que se refire.

d) Explica por que Godelier di que no don nada se devolve senón que se re-dona.

3. Le o texto de Pierre Bourdieu e responde as cuestións que se preguntan a continuación.

…As representacións dos axentes varían segundo a súa posición (e os intereses asociados) e segundo o seu habitus, como sistema de esquemas de percepción e de apreciación, como estructuras cognitivas e evaluativas que adquiren a través da experiencia duradera dunha posición no mundo social. O habitus é ó mesmo tempo un sistema de esquemas de producción de prácticas e un sistema de esquemas de percepción e de apreciación das prácticas. E, nos dous casos, as súas operacións expresan a posición social na que se ten construido. En consecuencia, o habitus produce prácticas e representacións que están disponibles para a clasificación, que están obxetivamente diferenciadas…Por exemplo, dicimos que unha vestimenta, un moble ou un libro: "cheira a pequeño burgués" ou "cheira a intelectual"….

Pierre Bourdieu, *A distinción*

Cuestións:

a) A través do concepto de *habitus* Bourdieu explica as preferencias no consumo. Recolle no texto a definición de habitus que propón o autor.
b) A análise de P. Bourdieu da distinción explica que unhas perosas consuman serviciós no seu tempo de ocio que teñen que ver coa práctica do golf e outras

coa práctica do sendeirismo. Desde a súa perspectiva é o gusto algo individual ou é este socialmente construido?

SOLUCIÓNS

Solucións Texto 1

a)A diferenza básica é no seusignificado substantivo economía non implica elección nin insuficiencia dos medios

b) Polanyi defende o significado sunstantivo de economía por ser o único capaz de producir os conceptos que necesitan as ciencias sociais para a investigación de todos os sistemas económicos empíricos do pasado e do presente.

c) Non todos a comparten defenden que poden ser compatibles se se recoñece que tamén os xeitos de "economizar" se constrúen socialmente e dependen da tradición cultural, que non é unha racionalidade universal que tome unha únca forma.

Solucións Texto 2:

a) Mercado (mecanismos de mercado), redistribución e reciprocidade

b) O mercado é o predominante

c) Os impostos son exemplo de distribución e os regalos son exemplo de reciprocidade.

d) Godelier sinala que ó devolver ou máis ben o re-donar se crea unha nova deuda co que recibe. Polo tanto coa devolución non se anula a deuda senón que se renova, reforzando os lazos familiares, de veciñanza ou calquera tipo de relación que una ós implicados.

Solucións texto 3:

a) O habitus é un sistema de esquemas de percepción e de apreciación (estructuras cognitivas e evaluativas) que adquiren a través da experiencia duradera dunha posición no mundo social. O habitus é ó mesmo tempo un sistema de esquemas de producción de prácticas e un sistema de esquemas de percepción e de apreciación das prácticas.

b) É socialmente construido, ten que ver coas clases sociais ou a posición que ca individuo ocupa no mundo social e é ese lugar o que confifurará na súa biografía o seu hábitus..